

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONSELLO GALEGO DE CAMARAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROCESO ELECTORAL NAS CAMARAS DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a vinte e catro de novembro de dous mil dezasete, na sede da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

REUNIDOS

Dunha parte _____, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo por Decreto 148/2016, de 13 de novembro, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra, _____, na súa calidade de Presidente do Consello Galego de Cámaras nomeado para o dito cargo na Sesión de Pleno do Consello Galego de Cámaras de 14 de xullo de 2010.

Interveñen no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecendo a lexitimidade e capacidade suficiente para a subscripción do presente convenio, en base ao cal,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Economía, Emprego e Industria, segundo o artigo 1º do Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015), é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, de competencias en materia de comercio interior e de tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia.

No orzamento de gastos para o exercicio 2017 inclúese a aplicación orzamentaria 09.30.751A.781.1 e proxecto de investimento número 2015 00254. De conformidade co disposto nos artigos 19.4 e 26 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, trátase dunha subvención de concesión directa que se instrumenta a través deste convenio de colaboración.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 2 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria, e navegación de Galicia, estas son corporacións de dereito público, configurándose como órganos consultivos e de colaboración coas administracións públicas, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Ase mesmo, de acordo co artigo 4, corresponde ás cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia, as funcións publico-administrativas relacionadas no seu apartado dous, ademais das contempladas no artigo 5.1 da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica de cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia.

O Consello Galego de Cámaras, é o organismo de representación, relación e coordinación das cámaras e órgano consultivo e colaborador da Xunta de Galicia e das administracións públicas en xeral.

En concreto, corresponde ao Consello, entre outras funcións, representar ao conxunto das cámaras de Galicia ante as administracións públicas e demais entidades, públicas ou privadas, sen prexuízo das competencias propias de cada cámara, e ser o órgano de coordinación e impulso das actuacións comúns das cámaras e de promoción do máximo desenvolvemento das súas funcións.

Así para o adecuado cumprimento das súas funcións contempla nos seus estatutos, entre outros instrumentos, o establecemento de convenios con outras entidades públicas ou privadas así como plans de actuacións conxunta das cámaras galegas e as propostas de financiamento correspondente.

TERCEIRO.- Con data 29 de xuño de 2017 publicouse no Boletín Oficial do Estado, a Orde EIC/710/2017, do 26 de xullo, pola que se declara aberto o proceso electoral para a renovación dos Plenos das Cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de España.

En concreto, establécese que o proceso electoral para a renovación íntegra dos Plenos das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación quedará aberto o 2 de outubro de 2017.

A este fin, as diferentes cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia deberán nos dez días seguintes á apertura do proceso electoral proceder á exposición dos seus censos electorais confeccionados de acordo coa regulación do proceso electoral, e en concreto, co establecido na Orde do 7 de setembro de 2017, pola que se determinan os criterios que seguirán as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación da Comunidade Autónoma de Galicia para a elaboración dos seus censos electorais, a clasificación en grupos e categorías de cada unha das empresas que os integran e para a asignación de vogais representantes nos plenos respectivos.

Desta forma logo da realización dos trámites e transcurso dos prazos previstos no Decreto 431/2009, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, para a apertura do proceso electoral e exposición dos censos, procederase pola administración tutelante á convocatoria do correspondente proceso electoral.

CUARTO.- As cámaras ademais do exercicio das funcións de carácter público que lles atribúe a Lei e das que lles poidan encomendar ou delegar as administracións públicas, teñen como finalidade a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria, servizos e no seu caso a navegación. Por iso, considérase que as súas actuacións enmárcanse no interese xeral e, dado que existen razóns de interese público, social, económico xustifícase, de acordo co artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, na financiación deste convenio, para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Consello Galego de Cámaras.

QUINTO.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, o Consello Galego de Cámaras acreditou a non concorrencia doutras axudas públicas para a mesma finalidade, de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

En consecuencia, e co obxectivo de determinar as liñas que rexerán as súas actuacións, as partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Consello Galego de Cámaras, para garantir o adecuado desenvolvemento do proceso electoral nas cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia e coordinar as actuacións de todas elas, cun orzamento total de 112.000,00 EUROS, de acordo co seguinte desglose que se especifica no Anexo.



ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1. Elaboración de censos electorais	100.800,00 €
2. Xestión e promoción do proceso electoral	11.200,00 €
Total.....	112.000,00 €

SEGUNDA.- A consellería de Economía, Emprego e Industria achegará a cantidade de cento doce mil (112.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 09.30.751A.781.1, proxecto de investimento 2015.00254 do orzamento de gastos para o ano 2017.

TERCEIRA.- O Consello Galego de Cámaras achegará os recursos materiais e humanos necesarios para levar a cabo as actuacións sinaladas na cláusula primeira en todas as cámaras do territorio galego no que se desenvolva o proceso electoral.

O Consello Galego de Cámaras poderá xestionar a execución das actuacións en colaboración coas Cámaras de Comercio de Galicia.

Con carácter xeral e de acordo co artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xuño e o 15 de decembro de 2017.

Os gastos subvencionables ao abeiro deste convenio e os seus importes máximos serán os que estean vinculados aos conceptos detallados no orzamento establecido na cláusula primeira.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado á data de finalización do período de xustificación determinado neste convenio.

O Consello Galego de Cámaras, co obxecto de garantir a súa adecuada execución, comprométese a asumir a coordinación das actuacións previstas na cláusula primeira e, se é o caso á subcontratación dos servizos precisos para isto ata o 100% deles, asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

CUARTA.- A aportación da consellería para a realización das actividades obxecto deste convenio é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo fin, calquera que fora a súa natureza e a entidade que a conceda.

QUINTA.- O importe da subvención abonarase, atendendo ao ritmo de execución dos gastos, despois da presentación, por parte do Consello Galego de Cámaras da certificación e xustificación da realización das actividades e dos gastos incorridos correspondentes, sen que o conxunto dos pagamentos a conta poida superar o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, segundo o disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O beneficiario queda exento da prestación de garantías en relación cos pagamentos a conta previstos neste convenio, conforme ao disposto no artigo 67.4 do Decreto citado no parágrafo anterior.

A data límite para xustificar as actuacións realizadas rematará o 15 de decembro de 2017.

Coa xustificación acompañarase unha relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por cada unha das actuacións desenvolvidas, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pago.

Ademais achegarase a documentación acreditativa de realización do gasto, que consistirá nas facturas ou documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior, e a documentación correspondente ao pagamento, no caso de pagos a terceiros, que se acreditará mediante transferencia bancaria e extracto bancario onde figure o cargo por esta. Nos documentos deberán quedar identificados o receptor e o emisor do pago, non admitíndose en ningún caso os pagos en efectivo. Dita documentación consistirá en orixinal ou copia compulsada por notario ou funcionario público. Se presenta os orixinais éstos serán devoltos ao beneficiario unha vez comprobada a xustificación.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor (os de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos), o Consello Galego de Cámaras deberá achegar a documentación relativa á solicitude de, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención; todo elo de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando no recaia na proposta económica máis ventaxosa.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 11.d) da Lei de subvencións de Galicia, o Consello Galego de Cámaras deberá acreditar a non concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade.

Para facer efectivo o devandito libramento, cómpre que polo Consello Galego de Cámaras se presenten certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa seguridade social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio. Por outra banda, o Consello Galego de Cámaras queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bó goberno, o beneficiario está obrigado a subministrar á Administración concedinte, previo requirimento, toda a información necesaria para dar cumprimento as obrigas previstas no Título I da citada Lei.

O Consello Galego de Cámaras remitirá á dirección xeral de Comercio e Consumo, ao final das actuacións, unha memoria con todas as actividades realizadas.

SEXTA.- Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas nestas cláusulas, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% do investimento subvencionable das actuacións, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

A entidade beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

Así mesmo, toda alteración das devanditas condicións poderá dar lugar á modificación das cantidades establecidas na cláusula segunda deste convenio. As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- O Consello Galego de Cámaras presta o seu consentimento á Consellería de Economía, Emprego e Industria para que, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44, 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as axudas concedidas nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

OITAVA.- Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

NOVENA.- A subscripción deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquer outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMA.- Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento de composición paritaria, que coordinará o seu desenvolvemento. Reunirase a petición dunha das partes, e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste Convenio. A citada Comisión estará presidida por un dos representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas no capítulo II do título II, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na sección III, capítulo I, título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

UNDÉCIMA.- A modificación da distribución das actuacións previstas no presente convenio son circunstancias que poden dar lugar a unha modificación non substancial do convenio que será aprobada polo Conselleiro de Economía, Emprego e Industria previa proposta da Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio, sempre que non supoñan incremento na contía global prevista, que respondan aos obxectivos sinalados na cláusula primeira do convenio e cumpran os requisitos da normativa, nacional e autonómica, en materia de subvencións.

Calquera outra modificación distinta das anteriores, proposta pola Comisión Mixta de Seguimento, será realizada a través do mesmo procedemento que se seguiu para a elaboración deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Este convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

DÉCIMO TERCEIRA.- Na execución do presente convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a adoptar e implementar as medidas de seguridade a que se refire o artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), e, en particular, as que correspondan en función dos niveis de seguridade esixible aos datos e ficheiros derivados da execución dos programas, conforme ao establecido no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei.

As partes comprométese a cumprir o disposto na LOPD e demais normativa sobre protección de datos de carácter persoal e, especialmente as obrigas de información e esixencia de consentimento expreso aos interesados para o tratamento e cesión dos seus datos coa finalidade de posibilitar o desenvolvemento, execución e avaliación dos programas.

DÉCIMO CUARTA.- Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación. Non obstante, se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Este convenio rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado. En consecuencia, correspóndelle á consellaría a prerrogativa de interpretación deste convenio e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos neste senso inmediatamente executivos sen prexuízo de que se poidan interpor contra eles os correspondentes recursos contencioso-administrativo.

E, en proba de conformidade, subscríbese este convenio no lugar e data enriba sinalados, por duplicado exemplar e para un único efecto.

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia **Polo Consello Galego de Cámara**



ANEXO

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO
1. Elaboración de censos electorais	100.800,00 €
1.1 Cámaras de A Coruña, Santiago, Vigo-Pontevedra-Vilagarcia, Tui (16.200/c.u.)	64.800,00 €
1.2 Cámaras de Lugo e Ourense (18.000/c.u.)	36.000,00 €
2. Xestión e promoción do proceso electoral	11.200,00 €
2.1 Cámaras de A Coruña, Santiago, Vigo-Pontevedra-Vilagarcia, Tui (1.800/c.u.)	7.200,00 €
1.2 Cámaras de Lugo e Ourense (2.000/c.u.)	4.000,00 €
Total.....	112.000,00 €